

18 de maio Día Internacional dos Museos

Museos hiperconectados: enfoques novos, públicos novos.

Cada ano, desde 1977, o 18 de maio celébrase no mundo enteiro o Día internacional dos museos. Trátase dunha iniciativa nacida do Consello Internacional de Museos (ICOM) co obxectivo de sensibilizar ao público sobre o feito de que “os museos son un medio importante para os intercambios culturais, o enriquecemento de culturas, o avance do entendemento mutuo, a cooperación e a paz entre os pobos”.

Respondendo a esta convocatoria, que coincide ademais coa celebración do **Día das Letras Galegas**, o Museo conta cunha programación especial da que queremos facervos partícipes.

Lembrede que as actividades para socias e socios son de balde, pero que algunhas precisan inscrición.

- **Camiños da Imaxe. O arquivo de Joaquín García Portela “Costiña”.**

Xoves 19 abril a domingo 10 xuño. Entrada de balde.

O Museo do Pobo Galego trae a Santiago de Compostela as fotografías e os filmes do guardés Joaquín García Portela "Costiña" en colaboración co Proxecto Socheo para a recuperación da memoria visual da Guarda e o Baixo Miño. A mostra encádrase dentro das actividades paralelas á décimo terceira MICE, Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego.

- **Mostra bibliográfica, Letras Galegas 2018. María Victoria Moreno Márquez.**

Exposición organizada pola Biblioteca do Museo para conmemorar a figura a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas. Entrada libre.

- **Raposadas con Raquel Queizás.**

Martes 15 de maio ás 18h00. Entrada 3 €. De balde para persoas desempregadas ou socias. Actividade familiar con crianzas de 3 a 6 anos. Prazas limitadas por orde de inscrición.

Raposadas é un espectáculo de contos de tradición oral con obxectos e monicreques que nos levará polo museo da man da narradora Raquel Queizás.

- **Presentación de *Os cantos do mar. Mosaicos de anacos de tempos moi remotos*, de Dorothe Schubarth.**

Martes 15 de maio ás 20h. Entrada libre.

Os cantos do mar. Mosaicos de anacos de tempos moi remotos é un libro de ficción que pretende por no seu entorno algunhas das cantigas populares galegas. Ademais de contar coa autora, haberá música ao vivo e lecturas de fragmentos do libro.

- **Lectura literaria de Gabriel Muleiro Olivos.**

Mércores 16 de maio ás 19h30. Entrada libre.

Lectura dunha selección de textos de Gabriel Muleiro Olivos, escritor e gañador dunha bolsa da Xunta de Galicia para galegos e galegas na diáspora. Estará acompañado pola música de Iago Verde Vázquez.

- **Día Internacional dos Museos.**

Venres 18 de maio de 10h30 a 14h00 e de 16h00 a 19h30. Xornada de portas abertas con entrada de balde.

- **Youtubeir@s na MICE Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego.**

Mércores 23 de maio ás 20h. Entrada libre.

Aproveitando o lema do DIM deste ano e a proximidade da décimo terceira edición da MICE Museo do Pobo Galego (4-10 xuño), sumámonos a esta proposta que trata de visibilizar o uso do galego a través dunha das redes sociais máis influentes do momento, YouTube. Selección de vídeos e conversa coas youtubeir@s.